

O Verbo

1. Definición e clasificación

Definición → Clase de palabras formada por:

Raíz + Vogal Temática + Morfemas gramaticais { Morfema Modo-Tempo
Morfema Número-Persoa

Clasificación

Clasificación Formal

- Regulares → non hai variación na raíz.
- Semirregulares → alteración do vocalismo da raíz ou VT no Tema de Presente
- Irregulares → variación na raíz.
- Defectivos → carecen dalgunha persoa gramatical { Impersoais (chove): Só a P3. Sen suxeito.
Unipersoais (ladran): P3, P6. Suxeito.

Clasificación Sintáctica

- Transitivos → precisan un Complemento Directo na súa construción.
Exemplo: Tomou un café
- Intransitivos → non requiren a presenza dun Complemento Directo que determineo verbo.
Exemplos: O neno dorme. Chegou o tren
- Impersoais → carecen de suxeito.
Exemplo: Xeou toda a noite.

2. Estrutura Xeral do verbo

As formas verbais presentan a seguinte estrutura:

VERBO			
Tema		Morfemas flexionais	
Raíz	Vogal temática	Modo e tempo	Número e
(R)	(VT)	(MT)	persoa (NP)
cant	a	ba	mos
lev	ø	e	n
com	e	rá	s
part	i	ø	stes

2.1. As conxugacións

A vogal temática é un constituínte da flexión verbal que permite a clasificación dos verbos en conxugacións. Está situada entre a raíz verbal e o sufixo modo-temporal, se ben non todas as formas do paradigma verbal teñen vogal temática, é o caso do presente de subxuntivo.

o sistema verbal organízase en tres conxugacións:

- Verbos co infinitivo rematado en -AR ou primeira conxugación
- Verbos co infinitivo rematado en -ER ou segunda conxugación
- Verbos co infinitivo rematado en -IR ou terceira conxugación.

- **Produtividade da 2ª conxugación:** Mantéñense como verbos da segunda: *converxer, emerxer, encher, erguer, espaxar, fender, ferver, premer, render, repeler, rexe, toller, xemer*. Tamén se conservan como verbos da segunda os derivados de *bater* (*abater, combater, debater, rebater*), *correr* (*concorrer, decorrer, discorrer, escorrer, incorrer, ocorrer, percorrer, recorrer, socorrer, transcorrer*), *romper* (*corromper, interromper, irromper, prorromper*) e *verter* (*converter, inverter, perverter, reverter, subverter*; pero *advertir* e *divertir*).

2.2. Morfemas

- a) de **modo e tempo**: son morfemas gramaticais que, situados detrás da VT, indican a actitude do emisor respecto da acción verbal (modo) e o tempo en que esta se realiza (presente, pretérito e futuro): *levá-se-des, parti-re-mos*.
- b) de **número e persoa**: sitúanse no último lugar e indican o número e persoa do suxeito que realiza a acción verbal: *am-a-mos, escrib-e-s, fix-e-stes*.

3. Verbos regulares, semirregulares e irregulares

A. Os verbos regulares manteñen inalterada a súa raíz en todos os tempos e modos, excepto no acento e na grafía. Exemplos: *cantar, varrer, vivir*.

- Os verbos rematados en **-cer** e **-cir** como *obecer, traducir*, etc. son completamente regulares: **Exemplo:** *obedezo, obedecín, obedeza...* *traduzo, traducín, traduza...*
- Os verbos rematados en **-ear** e **-oar** como *nomear, amontoar*, etc. son completamente regulares: **Exemplo:** *nomeo, nomeei, nomee...* *amontoo, amontoou, ...*
- Aínda que **traer** é un verbo irregular todos os seus derivados (**atraer, distraer, extraer...**) son regulares.
- Aínda que **pracer** que un verbo irregular os seus derivados (**compracer, despracer...**) son regulares.
- **Andar** é un verbo regular no galego.

B. Os semirregulares Presentan alternancia vocálica no vocalismo da raíz. As irregularidades afectan só ao Presente de Indicativo, Presente de Subxuntivo e Imperativo e poden ser de diferente tipo:

1ª conjugación

Nalgúns verbos que teñen como vogal radical (a que aparece xusto antes da vogal temática) /e/ ou /o/ pasa a ser /e/ ou /ø/ respectivamente nas formas do Presente Indicativo, Subxuntivo e Imperativo.

Exemplo: acordar		
Presente de Indicativo	Presente Subxuntivo	Imperativo
acordo	acorde	acorda
acordas	acordes	acordade
acorda	acorde	
acordamos	acordemos	
acordades	acordedes	
acordan	acorden	

Conxúganse seguindo este modelo verbos como *alegrar, colgar, esperar, espertar, levar ou negar, entre outros*.

2ª conjugación

Na maior parte dos verbos con /e/ ou /o/ como vogal radical, prodúcese a alternancia con /e/ e /ø/ respectivamente nas P2, P3 e P6 do Presente de Indicativo.

Exemplo: beber
bebo
bebes
bēbe
bebemos
bebedes
bēben

Exemplo: comer
como
cōmes
cōme
comemos
comedes
cōmen

Sofren esta alternancia a maior parte dos verbos da 2ª conjugación con /e/ ou /o/ como vogal radical: **acender, temer, vencer, xemer, cocer, coller, mover, torcer** ou **volver**. Tamén aqueles nos que o infinitivo remata en "-ecer", excepto **aquecer** e **esquecer**.

3ª conjugación

Poden sufrir alternancia verbos que presentan /e/ ou /u/ como vogal radical, de acordo con tres modelos posibles:

Conxúganse como **seguir** os verbos *ferir, mentir, sentir e servir* e os derivados e compostos destes verbos: *malferir, perseguir, consentir...*

Conxúganse como **advertir**, entre outros: *adherir, advertir, agredir, divertir, terminados en -ferir como conferir, competir, discernir, dixerir, espir, inxerir, inserir, medir, pedir, reflectir, vestir*.

Conxúganse como **fluxir**, entre outros: *acudir, bulir, cubrir, cumprir (=ser necesario), cuspir, rebulir,*

VOGAL RADICAL /e/						VOGAL RADICAL -u-
Exemplo: seguir			Exemplo: advertir			Exemplo: fuxir
Pte. Indic.	Pte. Subx.	Imperat.	Pte. Indic.	Pte. Subx.	Imperat.	Pte. Indic.
sigo	siga	sigue	advirto	advirta	advirte	fluxo
segues	sigas	seguides	advirtes	advirtas	advertide	floxes
segue	siga		advirte	advirta		flox
seguimos	sigamos		advertimos	advirtamos		fuximos
seguides	sigades		advertides	advirtades		fuxides
seguen	sigan		advirten	advirtan		floxen

cumprir, durmir, engulir, lucir, muxir, pulir, ruxir, sacudir, subir, tusir, ulir, xurdir.

Son tamén semirregulares por presentaren algunha particularidade na vogal temática os seguintes verbos:

- **Verbos acabados en -aer, -oer, -aír, -oír:** *Caer* (*decaer, recaer*), *choer, doer* (*condoer*), *moer* (*remoer*), *proer, roer* (*corroer*), *oír* (*desoír, entreoír*), *saír* (*sobresaír*), os derivados de *traer* (*atraer, distraer...*) etc., intercalan un -i- sen valor morfolóxico entre a raíz e a desinencia, cando esta empeza por o ou por a.

Exemplo

PRES. IND	COPRETÉR.	PRETÉRITO	PRES. SUBX.	IMPERATIVO
caio	caía	caín	caia	
caes	caías	caíches	caias	cae
cae	caía	caeu	caia	
caemos	caíamos	caemos	caiamos	
caedes	caíades	caestes	caiaades	caede
caen	caían	caeron	caian	

- Os verbos **crer, ler e rir**, nos que a vogal temática se asimila á vogal radical:

Exemplo

PRESENTE	COPRET	PRESENTE
leo	lía	lea
les	lías	lea
PRETÉRITO	ANTEPRETÉRITO	PRETÉRITO
lin	lera	lese
liches	leras	leses
leu	lera	lese

c. Verbos Irregulares teñen variación no lexema (**fac**-emos/ **fix**-estes) e posúen un modelo propio de conxugación que só comparten cos seus derivados (refix-emos).

A maioría dos verbos irregulares posúen unha raíz específica para os tempos de pretérito (pretérito e antepretérito de indicativo e pretérito e futuro de subxuntivo): *tiv-en, estiv-eran, houb-ese, soub-en, dix-er, fix-erades, quix-era...*

A raíz de infinitivo permite formar xeralmente o presente, o copretérito e o futuro de indicativo, así como o imperativo e as formas non persoais.

O presente de subxuntivo fórmase xeralmente coa raíz da primeira persoa do presente indicativo, así cando esa persoa presenta unha irregularidade, esta trasládase a todo o presente de subxuntivo (*fago - faga, fagas, faga...*).

Hai outros verbos (*ser dar, vir, ver*) con irregularidade difícil de sistematizar.

Cambios na raíz nalgúns verbos irregulares		
Infinitivo	Presente subxuntivo	Pretérito
cab-er	caib-a	coub-en
dic-ir	dig-a	dix-en
est-ar		estiv-en
fac-er	fag-a	fix-en
hab-er	hax-a	houb-en
par-ir	pair-a	
pod-er	poid-a	puid-en
poñ-er		puix-en
prac-er		prougu-en
quer-er	queir-a	quix-en
sab-er	saib-a	soub-en
t(e)-er	teñ-a	tiv-en
tra-er	traí-a	troux-en
val-er	vall-a	

4. Modos e tempos verbais

a. O modo

Expresa a actitude do emisor respecto do feito enunciado e pode ser indicativo, subxuntivo ou imperativo.

O **indicativo** expresa unha acción real e coñecida: *El vive aquí, Nunca fuches bo para o fútbol.*

O **subxuntivo** expresa accións non reais ou non coñecidas (hipóteses ou suposicións) e desde o punto de vista sintáctico normalmente indica accións dependentes doutras: *Poida que el viva aquí, Espero que o traia.*

O **imperativo** indica orde ou mandato: *Traede as maletas, Saca iso do medio dos pés.*

b. O tempo

Expresa o momento no que sucede a acción indicada polo verbo.

Uso do Antepretérito de Indicativo, Pretérito de Subxuntivo e Futuro de subxuntivo

- **Antepretérito de Indicativo e Pretérito de Subxuntivo**

Nota Importante: Non debe confundirse este tempo co Pretérito de Subxuntivo. Só é posible a súa substitución nas oracións desiderativas: *Quen puidera/puidese ir de vacacións.* Véxase a táboa seguinte para ver os diferentes usos do Antepretérito de Indicativo e Pretérito de Subxuntivo:

Contextos	Antepretérito de Indicativo	Pretérito de Subxuntivo
Enunciados Desiderativos	<i>Quen me dera!</i>	<i>Quen me dese!</i>
Comparativas condicionais (como/coma se)	_____	<i>Viven como se fosen marqueses.</i>
Oracións condicionais co verbo principal en Pospretérito ou Copretérito	_____	<i>Se fose rico compraría/compraba unha illa.</i>
Cláusulas subordinadas que dependen dun Pospretérito da principal	_____	<i>Aínda que puidese, non o faría.</i>
Valor de cortesía	<i>Quixera pedirlle un favor.</i>	_____
Valor de Presente	_____	<i>Pedíume que trouxese os libros. = Pedíume que traía os libros.</i>
Valor de Pretérito de Indicativo	<i>Dixo que non comera nada. = Dixo que non comeu nada.</i>	_____
Expresións fixas (o que/ como/cal...)	_____	<i>Fixese o que fixese non había solución.</i>

• Futuro de Subxuntivo

É un tempo de uso culto ou literario; a lingua habitual substitúeo polo presente ou pretérito de subxuntivo.

- Expresa unha acción probable no futuro e adoita aparecer en cláusulas subordinadas ou dependentes: *Os que cometeren acto delituoso serán penados. As nais que traballaren e tiveren fillos menores de cinco anos, poderán reclamar a axuda.*
- Úsase tamén nos proverbios e frases feitas: *comer segundo houber.*
- En enunciados con significado condicional: cando conducires, non bebas (=se vas conducir, non bebas).

Observa: cando conducires, non bebas = significado condicional

Cando conduzas, non bebas = se conduces **habitualmente**, non bebas.

5. Formas infinitas ou nominais

As formas infinitas ou nominais son o infinitivo (cantar, partir), o xerundio (sentindo, falando) e o participio (estragado, fritido), que non expresan tempo nin modo e se aproximan a outras categorías gramaticais: substantivo, adverbio e adxectivo respectivamente: *O seu protestar non ten fin, Chegou á casa saltando, A festa resultou moi entretida.*

Aínda que non expresen tempo, podemos relacionalos cun momento coincidente ou anterior á enunciación. Así, o infinitivo e o xerundio relaciónanse co presente: *Xa está a chorar, Sempre vén asubindo polo camiño;* mentres que o participio ten valor de acción rematada, máis relacionada co pasado: *Levo lidos catro libros de Castelao, Xa ten a sobremesa feita.*

4.1. O infinitivo conxugado

O infinitivo conxugado fórmase co infinitivo impersoal e as desinencias de número e persoa:

Andar	Temer	Vivir
<i>and-a-r-ø</i>	<i>tem-e-r-ø</i>	<i>viv-i-r-ø</i>
<i>and-a-re-s</i>	<i>tem-e-re-s</i>	<i>viv-i-re-s</i>
<i>and-a-r-ø</i>	<i>tem-e-r-ø</i>	<i>viv-i-r-ø</i>
<i>and-a-r-mos</i>	<i>tem-e-r-mos</i>	<i>viv-i-r-mos</i>
<i>and-a-r-des</i>	<i>tem-e-r-des</i>	<i>viv-i-r-des</i>
<i>and-a-re-n</i>	<i>tem-e-re-n</i>	<i>viv-i-re-n</i>

Presenta sempre formación regular a partir do infinitivo impersoal e nos verbos regulares e semirregulares coinciden as súas formas coas do futuro de subxuntivo (*comeres, sentirmos*); os irregulares presentan diferentes formas, pois aínda que coinciden as desinencias, a raíz do futuro de subxuntivo é a do tema de perfecto (*quixerdes / quererdes, fixeren / faceren*).

Os casos de uso obrigatorio do **infinitivo conxugado** son os seguintes:

- Cando o infinitivo ten un suxeito expreso, diferente ou igual ao do verbo principal: *Marchamos nós de alí foi o peor que fixemos, Fixeron todo o posible por acabaren elas antes ca ninguén, Facerdes vós algo a dereitas é un acontecemento.*
- Cando non existe suxeito expreso pero o infinitivo fai referencia ao axente: *Insinuaron seres o culpábel de todo.*
- Cando o infinitivo, situado antes do verbo principal, vai introducido por preposición: *Ao chegardes recollemos todo e marchamos, Por deixaren a porta aberta o gato comeunos o caldo.*
- Cando aparece situado despois do verbo principal, é obrigado o infinitivo conxugado se ten un suxeito diferente (*Berrounos por manchardes a cociña*) ou aparece algún elemento interposto (*Berrounos toda a tarde e toda a noite por mancharmos a cociña*). Nos outros casos é menos frecuente o seu uso: *Berrounos por manchar/manchamos a cociña.*
- Cando ten un suxeito propio e vai complementando un nome: *Esa era a causa de estaren tan tristes.*
- É frecuente o seu uso en 3ª persoa de plural indicando a indeterminación do suxeito: *Chegamos no momento de pecharen as portas.*

Pola contra, debe usarse a **forma invariable**:

- cando o infinitivo ten carácter impersoal: *Cantar alegre o día;*
- cando ten valor de imperativo: *A calar;*
- nas perífrases verbais: *Tedes que marchar á escola;*
- cando o infinitivo vai rexido por verbos:
 - ✓ modais (*poder, querer, deber...*): *Podedes traer a equipaxe?;*
 - ✓ causativos (*deixar, permitir, prohibir...*): *Déixaos chegar máis tarde, muller;*
 - ✓ de sentido (*ver oír, escoitar, sentir...*): *Sentiuvos marchar de madrugada.*

4.2. O Participio

O participio indica acción rematada. Ao ter morfemas de xénero e número fai que se afaste en certa medida da categoría verbal e se aproxime á adxectiva:

Exemplo: Perdidas todas as oportunidades, deu en botar man da chantaxe.

Se forma parte dunha perífrase verbal non pode variar en xénero nin número:

Exemplo: Aínda non dei rematado as gravacións.

O máis habitual é que os verbos posúan un só participio, regular (*borrado, ferido*) ou irregular (*posto, visto*), pero existen verbos con dous participios: un regular, que normalmente desempeña a función verbal (*calmado, comido*), e outro irregular con función adxectiva (*calmo, comesto*). O regular emprégase nas perífrases e o irregular emprégase cos verbos *ser, estar, parecer*.

Exemplo: Eu xa teño comido filloas moitas veces / Esas follas están comestas polos bechos.

Verbos con participios irregulares: *aberto, absolto, aceso, acolleito, adscrito, arpeso, avolto, calmo, canso, circunscrito, colleito, comesto, confuso, converso, convicto, corrupto, choco, descalzo, descrito, desenvolto, desenvolveito, directo, disolto, encolleito, envolto, envolveito, enxoito, escolleito, escoreito, escrito, esperto, farto, frito, gaño, impreso, inqueda, inquieto, inscrito, limpo, morto, mundo, nado, nubro, pago, preñe, preso, quedo, quente, quieto, recolleito, resolto, revolto, revolveito, rizo, roto, zafo, seco, sobrecolleito, solto, suscrito, suspenso, suxeito, tolleito, torto, volto.*

APÉNDICE : VERBOS IRREGULARES

Caber

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
PRESENTE	COPRETÉRITO	PRESENTE	
caibo	cabía	caiba	
cabes	cabías	caibas	cabe
cabe	cabía	caiba	caiba
cabemos	cabíamos	caibamos	caibamos
cabedes	cabiades	caibades	cabede
caben	cabían	caiban	caiban
PRETÉRITO	ANTEPRETÉRITO	PRETÉRITO	INF.CONX.
couben	coubera	coubese	caber
coubeches	couberas	coubeses	caberes
coubo	coubera	coubese	caber
coubemos	couberamos	coubésemos	cabermos
coubestes	couberades	coubésedes	caberdes
couberon	couberan	coubesen	caberen
FUTURO	POSPRETÉRITO	FUTURO	F.NOMINAIS
caberei	cabería	couber	INF.
caberás	caberías	couberes	caber
caberá	cabería	couber	XER.
caberemos	caberiamos	coubermos	cabendo
caberedes	caberiades	couberdes	PART.
caberán	caberían	couberen	cabido

Dar

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
PRESENTE	COPRETÉRITO	PRESENTE	
dou	daba	dea	
dás	dabas	deas	dá
dá	daba	dea	
damos	dabamos	deamos	
dades	dabades	deades	dade
dan	daban	dean	
PRETÉRITO	ANTEPRETÉRITO	PRETÉRITO	INF. CONX.
dei	dera	dese	dar
deches	deras	deses	dares
deu	dera	dese	dar
demos	deramos	désemos	darmos
destes	derades	désedes	dardes
deron	deran	desen	daren
FUTURO	POSPRETÉRITO	FUTURO	F.NOMINAIS
darei	daría	der	INF.
darás	darías	deres	dar
dará	daría	der	XER.
daremos	dariamos	dermos	dando
daredes	dariades	derdes	PART.
darán	darían	deren	dado

Dicir

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
digo	dicía	diga	
dis	dicías	digas	di
di	dicía	diga	
dicimos	diciamos	digamos	
dicides	diciades	digades	dicide
din	dicían	digan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
dixen	dixera	dixese	dicir
dixeches	dixeras	dixeses	dicires
dixo	dixera	dixese	dicir
dixemos	dixeramos	dixésemos	dicirmos
dixestes	dixerades	dixésedes	dicirdes
dixeron	dixeran	dixesen	diciren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
direi	diría	dixer	INF.
dirás	dirías	dixeres	dicir
dirá	diría	dixer	XER.
diremos	diríamos	dixeremos	dicindo
diredes	diriades	dixerdes	PART.
dirán	dirían	dixerén	dito

Estar

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
estou	estaba	estea	
estás	estabas	esteas	está
está	estaba	estea	
estamos	estabamos	esteamos	
estades	estabades	esteades	estade
están	estaban	estean	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
estiven	estivera	estivese	estar
estiveches	estiveras	estiveses	estares
estivo	estivera	estivese	estar
estivemos	estiveramos	estivésemos	estarmos
estivestes	estiverades	estivésedes	estardes
estiveron	estiveran	estivesen	estaren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
estarei	estaría	estiver	INF.
estarás	estarías	estiveres	estar
estará	estaría	estiver	XER.
estaremos	estariamos	estivermos	estando
estaredes	estariades	estiverdes	PART.
estarán	estarían	estiveren	estado

Facer

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
fago	facía	faga	
fas	facías	fagas	fai
fai	facía	faga	
facemos	faciamos	fagamos	
facedes	faciades	fagades	facede
fan	facían	fagan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
fixen	fixera	fixese	facer
fixeches	fixeras	fixeses	faceres
fixo	fixera	fixese	facer
fixemos	fixeramos	fixésemos	facermos
fixestes	fixerades	fixésedes	facerdes
fixeron	fixeran	fixesen	faceren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
farei	faría	fixer	INF.
farás	farías	fixeres	facer
fará	faría	fixer	XER.
faremos	fariamos	fixermos	facendo
faredes	fariades	fixerdes	PART.
farán	farían	fixeren	feito

Haber

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
hei	había	haxa	
has	habías	haxas	---
ha, hai	había	haxa	
habemos	habiamos	haxamos	
habedes	habiades	haxades	---
han	habían	haxan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
houben	houbera	houbese	haber
houbeches	houberas	houbeses	haberes
houbo	houbera	houbese	haber
houbemos	houberamos	houbésemos	habermos
houbestes	houberades	houbésedes	haberdes
houberon	houberan	houbesen	haberen
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
haberei	habería	houber	INF.
haberás	haberías	houberes	haber
haberá	habería	houber	XER.
haberemos	haberíamos	houbermos	habendo
haberedes	haberiades	houberdes	PART.
habarán	haberían	houberen	habido

Ir

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
vou	ía	vaia	
vas	ías	vaias	vai
vai	ía	vaia	
imos	íamos	vaíamos	vamos
ides	iades	vaiades	ide
van	ían	vaian	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
fun	fora	fose	ir
fuches	foras	foses	ires
foi	fora	fose	ir
fomos	foramos	fósemos	irmos
fostes	forades	fósedes	irdes
foron	foran	fosen	iren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
irei	iría	for	INF.
irás	irías	fores	ir
irá	iría	for	XER.
iremos	iriamos	formos	indo
iredes	iriades	fordes	PART.
irán	irían	foren	ido

Parir

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
paio	paría	paira	
pares	parías	pairas	pare
pare	paría	paira	
parimos	paríamos	pairamos	
parides	pariades	pairades	paride
paren	parían	pairan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
parín	parira	parise	parir
Pariches	pariras	parises	parires
pariu	parira	parise	parir
parimos	pariramos	parísemos	parirmos
paristes	parirades	parísedes	parirdes
pariron	pariran	parisen	pariren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
parirei	pariría	parir	INF.
parirás	parirías	parires	parir
parirá	pariría	parir	XER.
pariremos	paririamos	parirmos	parindo
pariredes	paririades	parirdes	PART.
parirán	parirían	pariren	parido

Poder

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
podo	podía	poida	
podes	podías	poidas	pode
pode	podía	poida	
podemos	podíamos	poidamos	
Podedes	podíades	poidades	podede
poden	podían	poidan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
puiden	puidera	puidese	poder
puideches	puideras	puideses	poderes
puido	puidera	puidese	poder
puidemos	puideramos	puidésemos	podermos
puidestes	puiderades	puidésedes	poderdes
Puideron	puideran	puidesen	poderen
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
poderei	podería	puider	INF.
poderás	poderías	puideres	poder
poderá	podería	puider	XER.
poderemos	poderíamos	puidermos	podendo
poderedes	poderiades	puiderdes	PART.
poderán	poderían	puideren	podido

Poñer

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
poño	poñía	poña	
pos	poñías	poñas	pon
pon	poñía	poña	
poñemos	poñíamos	poñamos	
poñedes	poñíades	poñades	poñede
poñen	poñían	poñan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
puxen	puxera	puxese	poñer
puxeches	puxeras	puxeses	poñeres
puxo	puxera	puxese	poñer
puxemos	puxeramos	puxésemos	poñermos
puxestes	puxerades	puxésedes	poñerdes
puxeron	puxeran	puxesen	poñeren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
poñerei	poñería	puxer	INF.
poñerás	poñerías	puxeres	poñer
poñerá	poñería	puxer	XER.
poñeremos	poñeríamos	puxermos	poñendo
poñeredes	poñeriades	puxerdes	PART.
poñerán	poñerían	puxeren	posto

Pór

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
poño	puña	poña	
pos	puñas	poñas	pon
pon	puña	poña	
pomos	puñamos	poñamos	
pondes	puñades	poñades	ponde
pon	puñan	poñan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
puxen	puxera	puxese	pór
puxeches	puxeras	puxeses	pores
puxo	puxera	puxese	pór
puxemos	puxeramos	puxésemos	pormos
puxestes	puxerades	puxésedes	pordes
puxeron	puxeran	puxesen	poren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
porei	poría	puxer	INF.
porás	porías	puxeres	pór
porá	poría	puxer	XER.
poremos	poríamos	puxermos	pondo
poredes	poriades	puxerdes	PART.
porán	porían	puxeren	posto

Pracer

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
prazo	pracia	praza	
praces	pracias	prazas	prace
prace	pracia	praza	
pracemos	praciamos	prazamos	
Pracedes	praciades	prazades	pracede
pracen	pracían	prazan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
prouguen	prouguera	prouguese	pracer
prougueches	prougueras	prougueses	praceres
prougo	prouguera	prouguese	pracer
prouguemos	prougueramos	prouguésemos	pracermos
prouquestes	prouguerades	prouguésedes	pracerdes
prougueron	prougueran	prouguesen	praceren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
pracerei	pracería	prouguer	INF.
Pracerás	pracerías	prougueres	pracer
pracerá	pracería	prouguer	XER.
praceremos	praceríamos	prouguermos	pracendo
praceredes	praceriades	prouguerdes	PART.
Pracerán	pracerían	prougueren	pracido

Querer

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
quero	quería	queira	
quieres	querías	queiras	quere
quere	quería	queira	
queremos	queríamos	queiramos	
queredes	queriades	queirades	querede
queren	querían	queiran	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
quixen	quixera	quixese	querer
quixeches	quixeras	quixeses	quereres
quixo	quixera	quixese	querer
quixemos	quixeramos	quixésemos	querermos
quixestes	quixerades	quixésedes	quererdes
quixeron	quixeran	quixesen	quereren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
quererei	querería	quixer	INF.
Quererás	quererías	quixeres	querer
quererá	querería	quixer	XER.
quereremos	quereríamos	quixermos	querendo
quereredes	quereriades	quixerdes	PART.
Quererán	quererían	quixeren	querido

Ser

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
son	era	sexa	
es	eras	sexas	sé
é	era	sexa	
somos	eramos	sexamos	
sodes	erades	sexades	sede
son	eran	sexan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
fun	fora	fose	ser
fuches	foras	foses	seres
foi	fora	fose	ser
fomos	foramos	fósemos	sermos
fostes	forades	fósedes	serdes
foron	foran	fosen	seren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
serei	sería	for	INF.
serás	serías	fores	ser
será	sería	for	XER.
seremos	seríamos	formos	sendo
seredes	seriades	fordes	PART.
serán	serían	foren	sido

Ter

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
teño	tiña	teña	
tes	tiñas	teñas	ten
ten	tiña	teña	
temos	tiñamos	teñamos	
tendes / tedes	tiñades	teñades	tende / tede
teñen	tiñan	teñan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
tiven	tivera	tivese	ter
Tiveches	tiveras	tiveses	teres
tivo	tivera	tivese	ter
tivemos	tiveramos	tivésemos	termos
tivestes	tiverades	tivésedes	terdes
tiveron	tiveran	tivesen	teren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
tereí	tería	tiver	INF.
terás	terías	tiveres	ter
terá	tería	tiver	XER.
teremos	teríamos	tivermos	tendo
teredes	teríades	tiverdes	PART.
terán	terían	tiveren	tido

Traer

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
traio	traía	traia	
traes	traías	traias	trae
trae	traía	traia	
traemos	traíamos	traíamos	
traedes	traíades	traíades	traede
traen	traían	traían	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
trouxen	trouxera	trouxese	traer
trouxeches	trouxeras	trouxeses	traeres
trouxo	trouxera	trouxese	traer
trouxemos	trouxeramos	trouxésemos	traermos
trouxestes	trouxerades	trouxésedes	traerdes
trouxeron	trouxeran	trouxesen	traeren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
traerei	traería	trouxer	INF.
traerás	traerías	trouxeres	traer
traerá	traería	trouxer	XER.
traeremos	traeríamos	trouxermos	traendo
traeredes	traeríades	trouxerdes	PART.
traerán	traerían	trouxeren	traído

Valer

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
vallo	valía	valla	
vales	valías	vallas	vale
vale	valía	valla	
valemos	valiamos	vallamos	
valedes	valiades	vallades	valede
valen	valían	vallan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
valín	valera	valese	valer
valiches	valeras	valeses	valeres
valeu	valera	valese	valer
valemos	valeramos	valésemos	valermos
valestes	valerades	valésedes	valerdes
valeron	valeran	valesen	valeren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
valerei	valería	valer	INF.
valerás	valerías	valeres	valer
valerá	valería	valer	XER.
valeremos	valeríamos	valermos	valendo
valeredes	valeriades	valerdes	PART.
valerán	valerían	valeren	valido

Ver

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
vexo	vía	vexa	
ves	vías	vexas	ve
ve	vía	vexa	
vemos	viamos	vexamos	
vedes	viades	vexades	vede
ven	vían	vexan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	<i>INF.CONX.</i>
vin	vira	vise	ver
viches	viras	vises	veres
viu	vira	vise	ver
vimos	viramos	vísemos	vermos
vistes	virades	vísedes	verdes
viron	viran	visen	veren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
verei	vería	vir	INF.
verás	verías	vires	ver
verá	vería	vir	XER.
Veremos	veríamos	virmos	vendo
veredes	veriables	virde	PART.
verán	verían	viren	visto

Vir

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>PRESENTE</i>	<i>COPRETÉRITO</i>	<i>PRESENTE</i>	
veño	viña	veña	
vés	viñas	veñas	ven
vén	viña	veña	
vimos	viñamos	veñamos	
vindes / vides	viñades	veñades	vinde / vide
veñen	viñan	veñan	
<i>PRETÉRITO</i>	<i>ANTEPRETÉRITO</i>	<i>PRETÉRITO</i>	INF.CONX.
vin	viñera	viñese	vir
Viñeches	viñeras	viñeses	vires
veu	viñera	viñese	vir
Viñemos	viñeramos	viñésemos	virmos
viñestes	viñerades	viñésedes	virdes
viñeron	viñeran	viñesen	viren
<i>FUTURO</i>	<i>POSPRETÉRITO</i>	<i>FUTURO</i>	<i>F.NOMINAIS</i>
virei	viría	viñer	INF.
virás	virías	viñeres	vir
virá	viría	viñer	XER.
viremos	viriamos	viñermos	vindo
viredes	viríades	viñerdes	PART.
virán	virían	viñeren	vido